

A Campaña de **NADAL NA PRAZA DE ABASTOS**, ten como obxectivo principal fomentar as compras desta época nas tendas da nosa localidade, no noso comercio local, para elo queremos fusionar animación e ocio có comercio, nas instalacións dos mercados, como xa vimos a facer nas últimas edicións, unha oferta atractiva de ocio e animación para todos os públicos.

## MERCADO DE NADAL NA PRAZA 2024

### BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS/AS PARTICIPANTES NO MERCADO DE NADAL NA PRAZA DE ABASTOS 2024.

#### PRIMEIRA: OBXETO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxeto regular as normas e condicións de participación das persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria, que soliciten e resulten beneficiarias da participación na edición do Mercado de NADAL 2024, organizada polo Concello de Monforte de Lemos, área de Promoción económica.

#### SEGUNDA: LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS

- 1.- O Mercado de Nadal 2024, celebrarase os días 21 e 22, 28 e 29 de decembro de 2024.
- 2.- Emprazamento: Praza de Abastos de Monforte de Lemos- Mercados de Monforte.
- 3.- Contactos organización: Axente de desenvolvemento local 982884775/ 698181551  
correo electrónico: [emprego\\_pe@concellodemonforte.com](mailto:emprego_pe@concellodemonforte.com)
- 4.- A difusión pública para a solicitude dos postos será a través da propia páxina web do concello [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).
- 5.- A organización editará publicidade precisa da feira para a súa difusión, programará actividades complementarias para un maior reclamo de asistentes e participantes.
- 6.- O horario de apertura dos postos será os sábados de 10:00 a 14:00 e 17:00 a 20:30, e domingos de 11:00 a 14:00 e 17:00 a 20:30, sendo obrigatorio manter o posto aberto nas datas e horario de apertura ao público indicadas.
- 7.- Non se permitirá vender ningún produto distinto dos que consten na solicitude. Será responsabilidade do/da vendedor/a a calidade, composición, elaboración e prezo dos artigos de venda.
- 8.- A organización facilitará un posto de venda a cada participante.
- 9.- Ningún posto poderá ser cambiado do lugar asignado pola Organización sen consentimento previo.
- 10.- O Concello de Monforte ten dereito a fotografar, debuxar ou filmar as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web do concello e na prensa.

11.- Non se permitirá máis música ambiental ca da organización.

12.- O incumprimento de calquera dos puntos destas bases por parte dos participantes suporá a expulsión inmediata do Mercado, perdendo o infractor o importe ingresado en concepto de taxas.

13.- Se por circunstancias de forza maior, o Concello de Monforte se vira obrigado tanto antes como no transcurso do mercado, a suspender a súa celebración, a suspensión será sen dereito por parte dos/as expositores/as admitidos/as a indemnización de tipo algún.

### **TERCEIRA: PARTICIPANTES E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

14.- Poderán presentar solicitude participación no Mercado de Nadal na Praza 2024, os profesionais legalmente constituídos que acrediten o desenvolvemento dunha actividade económica relacionada coa temática deste mercado, especialmente artesáns profesionais legalmente constituídos que acrediten o desenvolvemento dunha actividade artesá e/ou aquelas actividades económicas relacionadas con agasallos, xoguetería e complementos para o Nadal.

Estarán disponibles a efectos desta convocatoria e exclusivamente no período temporal determinado para a mercado, 16 stands entre 2-5 m. aproximadamente.

Poderán participar individualmente ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude achegando a documentación de cada participante.

No suposto de participación conxunta, o stand poderase compartir por un máximo de dous participantes. Neste caso a decoración será uniforme e non se admitirán divisións interiores.

15.-Correrán a cargo dos vendedores/-as os gastos de traslado, carga e descarga da mercadoría, así como a responsabilidade da mesma e os danos que ésta puidese sufrir.

16.- Os vendedores deberán cumprir coas normas autonómicas e estatais que lles sexan de aplicación.

17.- A descarga da mercadoría para repoñer deberá ser fóra do horario de apertura do mercado e interferindo o menos posible no desenvolvemento deste.

18.- O prezo de cada posto de venda será de 6 €/stand/ día. Dito importe deberá ser aboado mediante documento de autoliquidación que deberá ser pagado unha vez sexan admitidos/as.

Dito documento será facilitado nas propias dependencias do Concello, ou ben será remitido por correo ou correo electrónico a petición do interesado.

### **CUARTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

19.- Os interesados en participar deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Monforte, Campo San Antonio, S/N – 27400 Monforte. Ou por correo electrónico a seguinte dirección: [Emprego\\_pe@concellodemonforte.com](mailto:Emprego_pe@concellodemonforte.com). Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo ou realizadas de forma diferente á designada.

20.- O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación das bases na páxina web do concello, rematando o día 16 de decembro de 2024.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude, debidamente cumprimentada (Documento anexo)
- Fotocopia D.N.I. do solicitante ou N.I.F. da empresa
- Fotocopia de estar dado de alta no Imposto de actividades económicas (Vixente)
- Copia do último recibo de pago da cota de autónomos ou correspondente réxime da seguridade social
- Memoria explicativa da empresa e fotografías recentes dos productos a vender

#### **QUINTA: SELECCIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DOS POSTOS.**

21.- As solicitudes de participación que cumpran cos requisitos nomeados nos anteriores apartados serán resoltos por unha Comisión de selección, seleccionará os participantes adxudicatarios dos postos que finalmente estarán presentes no evento.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez – Concelleira de Réxime Interior do Concello de Monforte de Lemos.

Trinidad López Pérez – Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Monforte

Carlos Rodríguez Fernández - Técnico de cultura do Concello de Monforte de Lemos.

22.- Criterios de adxudicación dos postos de venda, a selección farase tendo en conta os seguintes criterios:

- O produto de venda e as súas características do sector artesanal.
- Evitar a excesiva reiteración dun mesmo produto nos diferentes postos, representando o maior número posible de disciplinas.
- Traxectoria profesional.
- Calquera outro criterio que se considere interesante para o bo desenvolvemento da actividade.
- A Comisión de selección priorizará as solicitudes de vendedores/-as e produtores de Monforte e a Comarca, sempre que se axusten aos criterios de adxudicación expostos anteriormente nestas bases.  
A Comisión rexeitará as candidaturas que non se axusten aos obxectivos do evento ou que, por calquera motivo, sexan incompatibles co mesmo.  
A decisión da Comisión non será susceptible de recurso.

23.- Con base nos criterios expostos, a dita Comisión propondrá a listaxe de adxudicatarios seleccionados e listaxe de suplentes. Esta resolución farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, o día 18 de decembro 2024, así como calquer outra notificación ou requerimento, a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e/ou na páxina web [www.concellodemonforte.com](http://www.concellodemonforte.com).

No caso de que algún-a adxudicatario-a seleccionado-a non poida participar, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello o correspondente escrito de renuncia, no prazo de dous días naturais seguinte ó da publicación da resolución final.

En caso de renuncia, cubrirase a vacante con algún dos suplentes, que mellor se axeiten aos criterios de selección antes expostos.

Unha vez comunicada a confirmación, o/a interesado/-a deberá ingresar a cuota de participación no prazo de 2 días, requisito necesario para a validación da solicitude e enviar o xustificante de ingreso polo medio indicado ben sexa por correo electrónico ou por fax.



No caso de non efectuarse o ingreso e a notificación sinalados anteriormente no prazo indicado, entenderase como anulado do dereito de participación.

24.- Os candidatos/-as seleccionados/-as para participar no Mercado de Nadal 2024, non poderán ceder a terceiros a súa posición baixo ningún concepto.

25.- Criterios de ubicación. A distribución e ubicación de cada posto de venda será competencia exclusiva da organización, axustándose ao espazo dispoñible para a realización do mercado a e tendo en conta as diferentes disciplinas, para que a súa distribución ao longo da mostra sexa o máis diversificada posible.

26.- Aceptación destas bases e motivos de expulsión. O envío da solicitude implica a aceptación de todas as cláusulas redactadas neste documento.

27.- O incumprimento de calquera dos artigos anteriores por parte das persoas participantes poderá supoñer a expulsión inmediata do Mercado en calquera dos días que se desenvolve, perdendo o infractor/-a o importe satisfeito en concepto de taxas, así mesmo correrán por conta do vendedor/-a todos os desperfectos que se ocasionen en instalacións e vía pública.

